



## Concello de Oza-Cesuras

### RESOLUCIÓN DO ALCALDE

#### ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal dun XEFE de BRIGADA para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2024 en 3ª convocatoria tras diversas renuncias presentadas para o citado posto de traballo.

#### CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a provisión por concurso en réxime de persoal laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns para a creación dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2024 (Cod. Validación: 55TRR939Y457RDKS6RKKCTREG), establécese que rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación *“No suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización do proceso selectivo, sempre que os/as candidatos/as presentados reúnan todos os requisitos esixidos na convocatoria”*.

Endo en conta que á cláusula sexta do convenio interadministrativo entre a consellería do medio rural e a entidade local, concello de Oza-Cesuras sobre os requisitos do persoal vinculado ás actuacións do convenio como integrante das brigadas e/ou para o manexo de vehículos motobomba, establece *“A entidade local certificará que o persoal elixido para as actuacións deste convenio realizou un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para a realización do traballo”*

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril, esta Alcaldía

#### RESOLVE:

**PRIMEIRO:** Aprobar a listaxe de **admitidos** no proceso de selección de 1 xefe de brigada





## Concello de Oza-Cesuras

de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, do único candidato presentado:

APELIDOS E NOME	DNI
SÁNCHEZ SÁNCHEZ RAÚL	***8695**

**SEGUNDO:** Convocar ó candidato para a realización das probas físicas e médicas que terán lugar o venres 12 de agosto de 2024, ás 11:00 horas, na sede da Coruña do servizo de prevención de riscos laborais Ibersys, Norprevención, S.L., sita rúa Orillamar, 48-50, Bajo – A Coruña (Tel: 981200500) ás que deberá acudir provisto do DNI

*Nota:*

- 1º.- Non se contratarán máis traballadores do número de prazas ofertadas nas diferentes categorías.*
- 2º.- Aqueles candidatos que non superen as probas médicas e físicas serán eliminados do proceso selectivo cubréndose a vacante co seguinte na correspondente listaxe.*
- 3º.- Concluído o proceso o concello publicará as listaxes de candidatos/as que se contratarán e as de suplentes a efectos de cubrir as posibles renuncias ou vacantes.*

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

